

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Valor e Significado do Patrimonio Cultural				
Materia	Valor e Significado do Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03102			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Profesorado	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Correo-e	fermin@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1061			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo que os alumnos aprendan a analizar críticamente o valor patrimonial dos bens culturais, e coñezan as ferramentas metodolóxicas necesarias para o proceso de estimación do valor patrimonial, empregando criterios estandarizados.			

Competencias	
Código	
A5	Que os estudantes teñan as destrezas de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de maneira que sexa autodirixida ou autónoma.
B1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresions do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a sua cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a sua xestión.
C8	Comprender os valores multifactoriales do Patrimonio Cultural e avalialo adecuadamente de acordo cos criterios de uso social.
D4	Poder integrar a información e os datos diversos aportados por diversos técnicos e ferramentas na redacción de conclusións de actuación.
D6	Saber transmitir de forma clara e inequívoca a un público especializado ou non, resultados da investigación científica e tecnolóxica ou o máis avanzado campo de innovación, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que están baseados

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación de valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados.	A5 B1 C8 D4 D6

Contidos	
Tema	
Valores e significado do Patrimonio Cultural	Principais cualidades positivas de recoñecemento e aprezo do Patrimonio Cultural na sociedade contemporánea. Valor potencial e valor efectivo ou real.

O valor estético/formal	Antigüidade, artificio, monumentalidade, beleza. A integración do patrimonio na paisaxe urbana e rural. O valor utilitario: rehabilitacións para novos usos e a sua problemática.
O valor informativo/histórico	Cómo coñecer o pasado a traveso do patrimonio. A investigación como ferramenta básica xeneradora de valor histórico.
O valor asociativo/simbólico	A comunicación directa pasado-presente inherente ó patrimonio. O patrimonio como símbolo cultural identitario das comunidades humanas. Problemática de a quén representa o patrimonio cultural a escala local, nacional e mundial.
O valor económico do patrimonio cultural	Educación, cultura, turismo e desenvolvemento. Modelos económicos e políticas culturais aplicadas ó patrimonio no mundo contemporáneo. O patrimonio cultural como recurso económico, xenerador de riqueza (beneficios directos e indirectos) e de calidade de vida.
Os informes de valoración patrimonial (IVP)	Estratexias, estándares e sistemas de medición e cuantificación do valor patrimonial do bens culturais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	4	0	4
Resolución de problemas de forma autónoma	0	14	14
Estudo de casos	0	20	20
Actividades introdutorias	1	0	1
Traballo	0	30	30
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Observación sistemática	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Interacción docente/alumnado coa finalidade de exposición básica de contidos, orientación, asesoramento e resolución de dúbidas no proceso do aprendizaxe, co apoio dos medios de teleformación.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades vinculadas ó desenvolvemento da reflexión, debate, crítica e xeneración aberta de alternativas movilizando os coñecementos e as habilidades dos estudantes mediante as diferentes ferramentas tecnolóxicas de docencia.
Estudo de casos	Análise de casos ou situacións en relación co concepto e categorías do Patrimonio Cultural. Proceso sustentado na plataforma de teleformación.
Actividades introdutorias	Sesión orientada a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e as suas motivacións. Presentación da materia e dos entornos nos que se desenvolverá o módulo, empregando ferramentas de teleformación e telecomunicación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de dúbidas e atención personalizada dos exercicios prácticos realizados polo alumnado (glosario, foros específicos). Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia Campus Remoto.
Estudo de casos	Información e asesoría personalizada das prácticas autónomas realizadas polo alumnado a traveso das TIC. Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia Campus Remoto.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo	O alumnado realiza e presenta un Informe de Valoración Patrimonial (IVP) sobre un ben cultural da súa elección (transversal do módulo), utilizando ferramentas de entrega remota na plataforma virtual. Avaliación do resultado da aprendizaxe "Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación do valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados".	50	B1

Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test, realizada a traveso da plataforma virtual. Avaliación do resultado da aprendizaxe "Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación do valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados".	30	B1	C8	D4
Observación sistemática	Comunicación e participación activa nas actividades da materia a traveso dos medios telemáticos. Avaliación do resultado da aprendizaxe "Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación do valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados".	20	B1		

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación.

A primeira é levada a cabo durante o cuadrimestre de docencia. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitarase na plataforma de docencia unha semana adicional, ao final do cuadrimestre, para facilitar a dita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda avaliación realízase no mes de Xullo, para o que se habilitará de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ballart Hernández, J, **El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso**, 1, Ariel, 1997

Ballart Hernández, J.; Juan i Treserras,J., **Gestión del patrimonio cultural**, 4, Ariel, 2008

Pedersen,A., **Gestión del turismo en sitio del Patrimonio Mundial. Manual práctico para administradores de sitios del Patrimonio Mundial.**, 1, http://unesdoc.unesco.org/images/0012/001286/12867, 2005

AA.VV., **Sistema de valoración patrimonial de los Enclaves arqueológicos de Aragón**, 1, Gobierno de Aragón, 1999

AA.VV., **O valor crítico dos bens culturais. Videos das conferencias**, 1, Consello da Cultura Galega, 2008

Barciela, Melgarejo e López Eds., **Los bienes culturales y su aportación al desarrollo sostenible**, 1, Universidad de Alicante, 2012

Bibliografía Complementaria

Frey, B.S., **La economía del arte**, 1, La Caixa, 2000

Thorsby, D., **Economía y Cultura**, 1, Gestion Cultural, 2008

Rizzo, I. e Mignosa , A. Eds., **Handbook on the economics of Cultural Heritage**, 1, E. Elgar Pub., 2013

Bonet, L.; Castañer, X.; Font, J. (Eds.), **Gestión de proyectos culturales: análisis de casos**, 2, Ariel, 2009

Castillo Oreja, M.A. (ed), **Ciudades históricas: conservación y desarrollo**, Fundación Argentaria - Visor Dis, 2000

Domínguez Arranz, A. (Ed), **El patrimonio arqueológico a debate: su valor cultural y económico**, Gobierno de Aragón, 2008

Fontenla Sanjuán, C. (coord.), **Contorno dos Monumentos en Galicia, delimitación e protección**, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, 1998

Hardesty, D.L.;Little, B.J., **Assessing site significance. A Guide for Archaeologists and Historians**, Altamira Press, 2000

Herrera Prieto, L.C. (coord.), **Turismo cultural: el patrimonio histórico como fuente de riqueza,**, Fundación del Patrimonio Histórico de Castilla y L, 2000

López Silvestre F., Días-Fierros Viqueira,F. (coord.)., **Olladas críticas sobre a paisaxe**, Consello da Cultura Galega, 2009

Sanz Lara, J.A., **Valoración económica del patrimonio cultural**, Trea, 2004

AA.VV., **El Patrimonio intangible y otros aspectos relativos a los itinerarios culturales, Congreso Internacional del CIIC (ICOMOS)**, [http://www.esicomos.org/Nueva_carpeta/INDEX_2ESI, 2002

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia desenvolverase sempre de maneira telemática presencial, ben sexa síncrona ou asíncrona, utilizando a plataforma docente Moodle (MooVi) e participando nas actividades docentes a través de multivideoconferencia (Campus Remoto).

Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.